



Confederación Intersindical Galega

**ENSINO**

Secretaría Nacional

[galiza@cig-ensino.gal](mailto:galiza@cig-ensino.gal)

Tel: 981576800

**REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA**

REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 29/06/2018 10:15:47

**ENTRADA 101269 / RX 1748876**



## **DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS**

Trasládamoslle no presente escrito a preocupación da CIG-Ensino diante das queixas recibidas por parte de centos de persoas aspirantes nestes primeiros días do desenvolvemento do proceso selectivo para ingreso e acceso nos diferentes corpos docentes.

Como xa lle fixemos ver cando se debateu a orde na Mesa Sectorial hai numerosos temas que son responsabilidade exclusiva da Consellaría e que deben concluír nun proceso perfectamente pautado e no que non exista marxe para a arbitrariedade e evitando que o tribunal teña que facer fronte á resolución de problemas que provocan malestar tanto no persoal aspirante como nos propios membros dos tribunais.

Foron moi numerosas as queixas relacionadas polos problemas dos espazos utilizados. O feito de que no sábado 23 se rexistrasen altas temperaturas en todo o país non pode ser cualificado como sorprendente ou inesperado. A elección dos recintos debería ser publicado con máis antelación e responder a unha serie de requisitos obrigatorios que pasan, entre outros, por:

- que non se realicen as probas en espazos non adaptados para as altas temperaturas que se poden producir nestas datas.
- que o mobiliario (pupitres, cadeiras) ten que estar adaptado ás persoas aspirantes e garantir que as probas se podan realizar comodamente, evitando pupitres de alumnado de primaria de dimensións reducidas ou cadeiras de pa para probas que precisan espazo para controlar o material
- os criterios de avaliación teñen que ser claros desde o comezo e non ser modificados en función de cambios que os tribunais queiran introducir a posteriori. No caso de que algunha proba sexa tipo test deben publicarse as respostas correctas despois de realizar o exame.
- os requisitos que se indiquen en todos os tribunais de cada especialidade deben ser idénticos, tanto no referentes a tempo de actuación, material a empregar, límite de folios, etc... Aínda que exista unha distribución de prazas por tribunais a Consellaría ten a obriga de que todas as persoas aspirantes dunha especialidade sexan tratadas do mesmo xeito.
- no caso de que existan erros nalgún dos exercicios deben existir normas claras que eviten a inseguridade xurídica, optando con criterio xeral pola anulación das preguntas mal formuladas ou, de ser o caso, pola repetición das cuestións mal formuladas.
- impedir que se poidan producir confusións por discrepancias entre as probas escritas en galego e en castelán e garantir, mentres non se acepte que as probas deben estar feitas en galego para garantir o coñecemento da nosa lingua nas oposicións a corpos docentes, que todas e cada unha das probas, enunciados, texto acompañando imaxes. etc., estean correctamente redactados no noso idioma.

Facémoslle ver que á CIG-Ensino tamén chegaron xunto con críticas a actuacións de determinados tribunais e especialmente á falta de planificación por parte da Consellaría,

numerosos comentarios de agradecemento do trato recibido por parte dos compoñentes de moitos tribunais para facer fronte a incidencias das que a administración é a última responsábel. Neste caso chama a atención que membros de tribunais tivesen que auxiliar a aspirantes que abafaban coa calor, proporcionando auga, refrescando con sprays, abanicando, proporcionando papel para a suor ou ventilando as aulas

Especial importancia e, por tanto, un maior número de queixas, recibíronse sobre o acontecido na especialidade de Tecnoloxía, logo de propoñer nas dúas opcións do exame práctico cadanseu exercicio de debuxo técnico mal formulado. Vemos que despois da proba publícanse uns criterios de avaliación ad hoc, nos que se indica, entre outras cousas, que as persoas opositoras poden estimar as consideracións técnicas que consideren e, por tanto, escoller segundo o seu criterio que datos da proposta inicial considera válidos e cales desbota. Sabemos que para as persoas opositoras esta situación deturpou a distribución de tempo dedicado para cada exercicio da proba no exercicio de debuxo técnico dúas propostas erróneas.

Desde o punto de vista da CIG-Ensino o tribunal debería eliminar esas preguntas e avaliar sobre o resto. En todo caso, como segunda opción, entendemos que se podería repetir exclusivamente ese exercicio mais non a totalidade da proba. Preocúpanos especialmente a inseguridade que se pode crear na corrección deles e consideramos inapropiado manter a cualificación deses exercicios.

Por último e como xa lle foi trasladado á Subdirección Xeral, insistimos nas queixas recibidas pola deficiente vixilancia da proba de Identificación ou VISU entre o tribunal número 1 e 5 de Bioloxía e Xeoloxía. Tamén son de salientar os problemas que nos trasladan coa custodia do sobre co 1º exame no tribunal nº 3 de Música de Santiago. Pola información recibida cremos que nestes dous casos se cometeron erros que sementan dúbidas sobre o correcto desenvolvemento das probas.

A Consellaría tivo na súa man, antes de comezar a actuar os tribunais, poñer todos os medios para que moitos dos problemas que se produciron non tivesen lugar. Agora, e sempre partindo do escrupuloso respecto á soberanía dos tribunais, a Consellaría ten que velar polo bo desenvolvemento das oposicións e garantir que as reclamacións do persoal aspirante teñan respostas e, cando proceda, solución.

Compostela, xoves, 28 de xuño de 2018



Xesús Bermello García  
Secretario Nacional CIG-Ensino

**DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS  
CONSELLARÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E O.U.**